



2025

2º RALLYSPRINT CONCELLO DE PIÑOR
14 E 15 DE FEBREIRO DE 2025
CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE RALLYSPRINT



FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO

ARTIGO 1 - PROGRAMA HORARIO

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR
10/01/25	10:00	Apertura de inscricións.	Esc MOTOR PIÑOR
10/02/25	20:00	Peche de inscricións	Tel. 667239077 escuderiamotorpinor@hotmail.com (www.fga.es)
12/02/25	20:00	Publicación lista de inscritos	Taboleiro Oficial e APP Sportity
14/02/25	19:00-22:00	Verificacións administrativas OPTATIVAS	Restaurante ATENEO e Gasolinera ATENEO
15/02/25	07:00 a 12:00	Verificacións administrativas, entrega de documentación, gps e roadbook	
15/02/25	07:00-12:00	Recoñecementos (Dúas pasadas)	Treito
15/02/25	07:30-11:30	Verificacións técnicas	Restaurante ATENEO e Gasolinera ATENEO
15/02/25	12.30	Hora límite presentación vehículos no parque Pechado	Campo do Arenteiro
15/02/25	13:00	Publicación lista vehículos autorizados a toma- la saída	Taboleiro Oficial e APP Sportity
15/02/25	13:30	Saída 1º participante 1ª sección	Parque Pechado Campo do Arenteiro
15/02/25	16:00	Chegada 1º participante 1ª sección	Reagrupamento CEA
15/02/25	16:30	Saída 1º participante 2ª sección	
15/02/25	18:45	Chegada 1º participante 2ª sección	Parque Pechado Campo do Arenteiro
15/02/25	19.45	Verificación final e de oficio	Restaurante ATENEO e Gasolinera ATENEO
15/02/25	20:00	Clasificación Provisional	Taboleiro oficial e Sportity
15/02/25	20:30	Clasificación Final Oficial	
15/02/25	20:30	Reparto de premios e trofeos	Centro Cultural Arenteiro

Nota: Levantamento vehículos parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais): Unha vez publicada a clasificación FINAL OFICIAL, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos** sen ter que esperar ás entregas de premios.

Hora límite de entrada a Parque de Asistencia: **Horas: 11:00 do día 15/02/2025**

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS

Dende o día 10 de xaneiro ás 10:00 horas, ata o día 15 de febreiro ás 22.30 horas na App SPORTITY

Dende o día 10 de FEBREIRO ás 10.00 horas, ata as 22.30 horas do día 15 de FEBREIRO na Oficina Permanente do Rallysprint, sita en CENTRO CULTURAL ARENTEIRO e no parque pechado-traballo, no CAMPO DO ARENTEIRO.

ARTIGO 2- ORGANIZACIÓN

A **ESCUDERÍA MOTOR PIÑOR** organiza o 2º RALLYSPRINT CONCELLO DE PIÑOR que se desenvolverá dende o día 14 ó día 15 de FEBREIRO do ano **2025**.

Este Rallysprint disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2025, o Regulamento Xeral, e o presente Regulamento Particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 10 de xaneiro de 2025.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA -001- RT.**

Artigo 2.2 - Comité de Organización

PRESIDENTE D. CARLOS IVÁN ALONSO NOGUEIRA

VOCALIS
D. YAGO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
D. RICARDO SÁNCHEZ MARTÍNEZ
D^a. MARÍA FÁTIMA MACÍAS YAÑEZ
D. MANUEL ALONSO PAYO

SECRETARIO D^a. MARTA FERNÁNDEZ GUERRA

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

ESCUDERÍA MOTOR PIÑOR

Lugar PIÑOR, 27

C.P.: 32157 Municipio: PIÑOR Provincia: OURENSE

Teléfonos: **667239077 - 610722131**

Web: e-mail: escuderiamotorpinor@hotmail.com

Artigo 2.3. Oficiais:**Presidente Escudería/Comité Organizador:**

D. CARLOS IVAN ALONSO NOGUEIRA EN TRAMITE

Director da Carreira-Oficina:

D. Mª CARMEN PONCE PITA EN TRAMITE

Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:

Vocal: D. VICTOR VARELA TOMÉ EN TRAMITE

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. CARLOS IVAN ALONSO NOGUEIRA EN TRAMITE

COMISARIO/CONTROLADOR:

Vermello D. YAGO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ EN TRAMITE

Vehículo "00" (DIRECTOR ADXUNTO NA ESTRADA):

Vermello D. PEDRO AMADO LÓPEZ EN TRAMITE

Servizo Informático e publicación de tempos: ATODOMOTOR**Servizo de Ambulancias:** AMBULANCIAS BANDE**Servizos Médicos:** EMS GALICIA**Centros Asistenciais:** PAC DE CARBALLIÑO, COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE, CENTRO MEDICO "EL CARMEN" e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.**Servizo de Guindastres:** GRUAS GAYOSO**Nota:** En cumprimento da normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO numerado e datado, alomenos **sete días** antes da celebración da proba. O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo.O Vehículo Escoba pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza DC, agás o piloto do Vehículo "0" que deberá ter licenza de piloto, e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura do meeting no eido dos participantes.

ARTIGO 3 - PUNTUABILIDADE

O **2º RALLYSPRINT CONCELLO DE PIÑOR** é puntuable para os seguintes Campionatos e Copas:

1. Campionato de Galicia de Rallysprint sobre asfalto (pilotos e copilotos).
2. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 1.
3. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 2.
4. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 3.
5. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 4.
6. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 5.
7. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 6.
8. Copa de Galicia de Rallysprint para a Agrupación 7.
9. Copa de Galicia de Rallysprint para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante colectiva).
10. Trofeos e Copas de Promoción que designe a F.G.A

ARTIGO 4 - Descrición

O **2º RALLYSPRINT CONCELLO DE PIÑOR** consta dun percorrido total de 83,47 **quilómetros**, dos cales 41,36 **quilómetros** corresponden a 2 Treitos Cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico.

Está dividido en **1 Etapas** e **2 Seccións**.

O Itinerario-Horario figura no Anexo VI do presente Regulamento.

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, Etapas e Seccións, así como os Controis Horarios, Recorridos alternativos, e Reagrupamentos.

O Rallysprint terá 2 Parques de Traballo, ademais do Parque de Traballo da noite do venres ó sábado.

Artigo 5 - Vehículos Admitidos e puntuables.

5.1 Serán admitidos a participar e puntuar os vehículos incluídos no seguinte cadro, os cales quedarán encadrados nas diferentes agrupacións:

2º RALLYSPRINT CONCELLO DE PIÑOR 2025

AGR	GRUPO	REGULAMENTO	PESO MINIMO (Kg)	BRIDA MAX (mm)
1	Gr. A + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 255 Anexo J FIA 2019	1230	34
	Gr. N + 2.000 cc 2RM e 4x4	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	Gr. X + 2.000 cc 2RM e 4x4	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	34
	Gr. G + 2.000 cc	Grupo "G" FGA	S/ Regulamento	34
	N1	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
	Gr. SCC	GRUPO SCC	S/Regulamento	S/Ficha.Homolog.
2	Rally 4 Atmo + 1.600 / - 2.000 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	Rally 4 Turbo + 1.067 / - 2.000 cc (Ra4C)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
	R3T	Art. 260D Anexo J FIA 2019	1080	29
	R3C	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1080	---
	S1600	Art. 255 Anexo J FIA	1000	---
	S1600 RFEDA	Art. 255 Anexo J FIA+RFEDA	1000	---
	R2C	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1080	---
	N2	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	N3 Turbo	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	Gr. N (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/Ficha Homolog	33
	N4	RFEDA + Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	S/ procedencia
	Gr. A +1.601 / -2.000 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. X +1.601 / -2.000 cc Kit Car	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
	Gr. G -2.000 cc (2RM)	Grupo "G" FGA	S/Ficha Homolog	34
3	Rally 4 Atmo +1.390 / - 1.600 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	---
	Rally 4 Turbo - 1.067 cc (Ra4B)	Art. 260 Anexo J FIA	1080	30
	R2B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	1030	---
	R3D	Art. 260 Anexo J FIA 2019	1150	32
	Gr. A -1.600 cc Kit Car	Art. 255 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. N +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Art. 254 Anexo J FIA 2019	S/ Regulamento	---
	Gr. X +1.600 / -2.000 cc (2RM)	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
4	R1A / R1B -1.600 cc	Art. 260 Anexo J FIA 2018	S/ Regulamento	---
	Rally 5	Art. 260 Anexo J FIA	S/ Regulamento	30
	Rally 5 kit	Art. 260B Anexo J FIA 2025		30
	Gr. N -1.600 cc	Art. 254 Anexo J	S/ Regulamento	---
	Gr. X -1.600 cc	Grupo "X" FGA	S/ Regulamento	---
5	Todos os Grupos -1.200 cc agás SCC	S/ procedencia	S/ Ficha Homolog.	---
6	Históricos Gr. H Pre81	Grupo "H" FGA	S/ Regulamento	F.H.
7	Históricos Gr. H Pre90	Grupo "H" FGA	S/ Regulamento	F.H.

5.2 O resto de vehículos non incluídos no apartado 5.1, e en todo caso os vehículos das categorías Rally1, WRC, Super 2000, R5, Rally2, N5, N6, GT, R-GT, GT Rallye, GT-Serie e GT+ serán admitidos a participar sen puntuar, nin optar a premios, sempre e cando estean acorde coa súa ficha de homologación. En outro caso deberán solicitar autorización expresa á F.G.A.

5.3 As clasificacións parciais e oficiais da proba, dos vehículos que non puntuen farase nunha clasificación independente coa denominación EXTRA.

5.4 A todos os efectos, considerase constituída unha agrupación coa saída de un só vehículo.

Artigo 6 - Concursantes Admitidos. Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Artigo 7 - Solicitud de Inscripción - Inscripcións

7.1.- Todo equipo que desexe participar no **2º RALLYSPRINT CONCELLO DE PIÑOR** terá que cumprimentar telemáticamente en www.fga.es o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e polo tanto se refúse a mesma. O xustificante de ingreso bancario terá que ser enviado ó e-mail: escuderiamotorpinor@hotmail.com antes do peche do prazo de inscrición.

Os datos relativos ao copiloto poden ser completados ata as 20:00 do día 10 de FEBREIRO de 2025.

7.2.- O número de inscritos fíxase nun máximo de **90** vehículos.

7.3.- Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos da seguinte forma:

Na conta corrente **ES36 2080 5291 3130 4003 6364** de **ABANCA** (Sucursal de San Cristovo de Cea)

NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRIPCIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS

7.4.- Admitiranse Inscripcións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

7.5.- A orde de recepción da Solicitud de Inscripción, así como dos Dereitos de Inscripción, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMPLA TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 7

Artigo 8 - Dereitos de Inscripción - Seguros

8.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

8.1.1.- 235 € (+31€ aluguer GPS) aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

8.1.2.- 470 € (+31€ aluguer GPS) NON aceptando a publicidade facultativa proposta pola organización.

8.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos Dereitos de Inscripción.

8.3.- Os Dereitos de Inscripción comprenden o Seguro garantindo a Responsabilidade Civil fronte a terceiros, de acordo coa Regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

8.4.- Os Dereitos de Inscripción tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas, ou no caso de que a proba non se celebrara. En ningún outro caso serán devoltos.

Artigo 9 - Hora Oficial do Rallysprint. Durante o transcurso da proba, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da F.G. de A. e a web www.time.is.

Artigo 10 – Premios. Os premios e Trofeos que se entregarán da seguinte forma:

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH	
1º	650 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
2º	450 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
3º	350 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
4º	300 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
5º	150 € e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

AGRUPACIÓNS (1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7)	
1º	120 € e Trofeo
2º	80 € e Trofeo
3º	Trofeo

3300 €

Para recibir o premio acadado (tanto o metálico, como o trofeo), será indispensable a presenza na entrega de premios do piloto ou representante. No caso contrario, enténdese que se renuncia a eles, quedando en propiedade da organización.

Artigo 11 Recoñecementos

11.1 Os treitos serán secretos ata o momento de entrega do Roadbook. Únicamente se permiten dúas pasadas de recoñecementos por treito.

11.2 A velocidade máxima nos treitos a recoñecer será de 80 km/h. e será controlada por GPS. Nos treitos espectáculo a velocidade máxima será de 50 km/h. En calquera caso é obrigado respetar en tódalas vías as limitacións establecidas polas Autoridades.

11.3 Non está permitido circular en sentido contrario ó indicado no Roadbook polos treitos cronometrados. Circular marcha atrás nun treito cronometrado, terá a consideración de circular en sentido contrario e será penalizado.

11.4 Os recoñecementos unicamente poderán ser realizados polos equipos inscritos no Rallye (piloto e copiloto), podendo ser solicitado á F.G.A. un cambio en algún deles. Prohíbese a presenza de outra persoa no vehículo.

11.5 A F.G.A. notificara ós Sub-Sectores da G.C. de Tráfico horarios e datas de celebración dos recoñecementos, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990 de 2 de Marzo. A maiores solicitarase traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adoptar as medidas federativas que no seu caso procedan.

11.6 No regulamento particular da proba figurará un Comisario/Controlador dos recoñecementos, que informará dos incumprimentos ó Director de Carreira que dará traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba.

11.7 Sancións por incumprimento da normativa de recoñecementos:

- a)** Efectuar recoñecementos en momentos non autorizados: Non autorizado a tomar a saída
- b)** Superar o número de pasadas por tramo: Penalización de 5 minutos.
- c)** Exceso de velocidade en recoñecementos a criterio dos Comisarios Deportivos: Penalización de 30 segundos por cada infracción.
- d)** Circular en sentido contrario nos treitos cronometrados sen estar autorizado: 10 segundos por cada infracción.

Artigo 12 DISPOSICIÓNS CONTRARIAS A NORMATIVA XERAL DA F.G.A.:

Según artigo 6.2 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. "O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente, nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A.". Deberán facer constas no regulamento particular a excepcións aprobadas pola F.G.A.

- Don Carlos Ivan Alonso Nogueira provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Carreira
N.I.F.: 32.672.146-W

Nogueira

Entidade: Escudería Motor Piñor
C.I.F.: G-56915622
Asdo.: Presidente D. Carlos Ivan Alonso

Selo do Clube

Asdo.: Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 44492588-P

OS REGULAMENTOS PARTICULARES, OBRIGATORIAMENTE VIRÁN ACOMPAÑADOS DO LIBRO DE RUTA, MANUAL DE SEGURIDADE, DA FOLLA DE SOLICITUDE DE TREITOS, E HORARIOS DE PECHÉ PARA A CELEBRACIÓN DO PROBA, ASINADOS POLO XEFE DE SEGURIDADE VIAL, DO DIRECTOR DA PROBA.